



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial
Servizo de Orientación e Promoción
Laboral

Avda. da Habana, 79, 6
32071 Ourense
Tels.: 988 386 827 / 820
Fax: 988 386 829



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL

galicia

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO GRUPO DE TRABALLO MIXTO ENTRE A ENTIDADE CONCELLO DE BANDE E A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE, APOIO E O ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO “TERRITORIO XURÉS”, PREVISTO NOS ARTIGOS 10 E 11 DA ORDE DO 17 DE ABRIL DE 2019, DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA OS OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2019 (DOG núm. 88, do 17 de abril)

O día 30 de outubro de 2019, ás 8:30 horas reúnense nas dependencias da Consellería de Economía, Emprego e Industria os representantes designados pola entidade promotora e pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Ourense e, a vista das acreditacións, acordan constituírse en Grupo de Traballo Mixto para realizar o proceso de selección do alumnado e o persoal directivo, docente e de apoio do obradoiro.

O grupo de traballo queda constituído e organizado como segue:

Representantes da entidade promotora:

Olegario Rodríguez Justo, vogal
Noelia Araújo Fernández, vogal

Representantes da **Consellería de Economía, Emprego e Industria en Ourense**

José Luis Villanueva Menor, designado presidente pola Xefatura Territorial
M^a del Mar Añel Pollos, vogal

Decídese por unanimidade tratar a seguinte asunto: iniciar os procesos de selección necesarios para a posta en marcha do obradoiro.

Unha vez analizados e debatidos os documentos de xeito oportuno, tomáronse por unanimidade os seguintes ACORDOS:

1.- Aprobar as Bases para a selección do persoal de dirección (anexo I), do persoal de apoio (anexo II) e docente (Anexo III) e do alumnado traballador (Anexo IV), que permanecerán expostas nos taboleiros da oficina de emprego, entidade promotora e Xefatura Territorial durante todo o proceso de selección.



Xacobeo 2021




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial
Servizo de Orientación e Promoción
Laboral

Avda. da Habana, 79, 6
32071 Ourense
Tels.: 988 386 827 / 820
Fax: 988 386 829



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESPAÑOL



2.- Iniciar a selección de persoal directivo, docente e de apoio coa presentación das ofertas de emprego xenéricas na oficina de emprego de Celanova, para a súa xestión cos requisitos e seguindo o proceso determinados nas Bases e nos Anexos I, II, III e IV.

De conformidade coas Bases, o proceso terá as seguintes fases:

- . Valoración do Currículo
- . Entrevista persoal

A oficina de emprego de xestión citará ás persoas candidatas para que acudan ao acto de selección co currículo asinado, a documentación xustificativa indicada na carta pola que se lles convocará e a vida laboral actualizada. A documentación poderá presentarse en copia simple, pero o grupo mixto poderá requirir en calquera momento a documentación orixinal que estime precisa. No caso de detectarse que as copias presentadas non se corresponden co orixinal, e sen prexuízo das demais responsabilidades que puideran corresponder, a persoa candidata será excluída do proceso selectivo.

Logo das correspondentes entrevistas persoais, que se levarán a cabo na hora e lugar indicados na carta da oficina de emprego, o grupo mixto elaborará en primeiro lugar a listaxe de admitidos e excluídos coas puntuacións correspondentes á entrevista.

A acta cos resultados será publicada e exposta nos taboleiros da oficina de emprego, da Entidade Promotora e da Xefatura Territorial da Consellería en Ourense.

Nunha nova reunión do grupo mixto procederase á valoración do currículo dos candidatos, os cales se publicarán nunha acta provisional. Na antedita acta constará un prazo de tres (3) días naturais para os efectos da presentación de reclamacións contra as valoracións provisionais ou a exclusión do proceso. Para non demorar a resolución do proceso, os escritos de reclamación presentaranse no rexistro da entidade promotora, na oficina de emprego de xestión da oferta ou no rexistro da Xunta de Galicia (Edificio Administrativo, Av. Habana 79, en Ourense).

Rematado o prazo de reclamacións, o grupo mixto de traballo procedera a resolvelas na acta definitiva do proceso.

Esta acta pon fin a vía administrativa e daráselle publicidade mediante a exposición pública nos anteditos taboleiros.

3.- Instar o recrutamento para a selección do alumnado-traballador a través de oferta da oficina de emprego de Celanova, cos requisitos previstos nas Bases (Anexo I) e que sexan demandantes do programa de obradoiros de emprego.

A distribución de alumnos acordada polos representantes dos concellos participantes é a seguinte:

Bande: 7
Lobios: 7



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial
Servizo de Orientación e Promoción
Laboral

Avda. da Habana, 79, 6
32071 Ourense
Tels.: 988 386 827 / 820
Fax: 988 386 829



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO

galicia

Lobeira: 6

A oficina de emprego convocará a un máximo de 3 candidatos por praza de cada un dos concellos participantes. No caso de que non se cubrixe o número mínimo de candidatos nalgún concello, completárase o número de 60 mediante unha nova sondaxe que abrangue a todos os concellos participantes.

Serán citados na data, lugar e hora que lle fixe o grupo mixto para cumprimentar o formulario de datos ao que será de aplicación o baremo do anexo I, e deberán acudir coa documentación indicada na carta da oficina de emprego. Os datos manifestados no formulario teñen presunción de veracidade, sen prexuízo da posibilidade de que sexan verificados polo grupo mixto.

As persoas candidatas realizaráselles unha entrevista persoal coa finalidade de avaliar o interese do candidato en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo de que se trate.

O grupo mixto elaborará en primeiro lugar a listaxe provisional de admitidos e excluídos, coas puntuacións correspondentes á entrevista.

A acta cos resultados será publicada e exposta nos taboleiros da oficina de emprego, da Entidade Promotora e da Xefatura Territorial da Consellería en Ourense.

Nunha nova reunión do grupo mixto procederase á valoración do currículo dos candidatos, os cales se publicarán nunha acta provisional. Na antedita acta constará un prazo de tres (3) días naturais para os efectos da presentación de reclamacións contra as valoracións provisionais ou a exclusión do proceso. Para non demorar a resolución do proceso, os escritos de reclamación presentaranse no rexistro da entidade promotora, na oficina de emprego de xestión da oferta ou no rexistro da Xunta de Galicia (Edificio Administrativo, Av. Habana 79, en Ourense).

Rematado o prazo de reclamacións, o grupo mixto de traballo procedera a resolvelas na acta definitiva do proceso.

Esta acta pon fin a vía administrativa e daráselle publicidade mediante a exposición pública nos anteditos taboleiros.

As persoas candidatas para alumnado-traballador deberán interesarse polo resultado provisional e definitivo do proceso consultando os taboleiros da entidade promotora, da oficina de emprego e do Servizo de Orientación e Promoción Laboral.

4.- O Grupo de Traballo Mixto poderá ter a colaboración de persoal técnico, tanto da Entidade Promotora como da Xefatura Territorial, na realización das diferentes fases do proceso. Poderán designarse suplentes para o caso de vacante, ausencia ou enfermidade dalgún dos membros do grupo mixto.



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial
Servizo de Orientación e Promoción
Laboral

Avda. da Habana, 79, 6
32071 Ourense
Tels.: 988 386 827 / 820
Fax: 988 386 829



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTADO

galicia

5.- As incidencias e reclamacións que se puideran suscitar derivadas do proceso de selección serán resoltas por este grupo mixto, sen que proceda ulterior recurso administrativo (artigo 14 da Orde de convocatoria).

Non tendo outro asunto para tratar, o presidente da por concluída a sesión sendo as 9:30 horas do día da data, asinando os seus membros en conformidade.

Representantes da Entidade Promotora

Olegario Rodríguez Justo

Noelia Araujo Fernández

Representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Ourense



José Luis Villanueva Menor

M^a del Mar Añel Pollos



Xacobeo 2021